

FERROL



BANDO MUNICIPAL

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FAI SABER:

Que ante a crise sanitaria provocada polo virus COVID-19 (Coronavirus) e o agravamento da situación na comarca de Ferrol, e tras das medidas adoptadas polo Ministerio de Sanidade e pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, o Concello de Ferrol adopta as seguintes medidas preventivas que afectan aos servizos públicos.

Ditas medidas adaptaranse á situación epidemiolóxica de cada momento e informaranse das variacións que se poidan producir respecto as mesmas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes:

Primeiro.- Peche ao público dos parques infantís e parques biosaludables municipais

Segundo.- Protocolo de actuacións para o cemiterio municipal de Catabois na festividade de Todos os Santos e Difuntos:

O horario de apertura do cemiterio, será o seguinte:

Os días 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro dende as 7:30 ata ás 9:00 horas para as empresas de floristería co obxecto de facilitar o seu traballo.

Os días 30, 31 de outubro e 1, 2 de novembro para visitas será de 9:00 a 20:30 horas.

- O aparcadoiro será controlado pola Policía Local para evitar as aglomeracións de persoas. Asimesmo a Policía Local estará permanentemente no interior do cemiterio para garantir o cumprimento das normas.
- Non poderán acceder aquelas persoas que teñan síntomas de covid-19, estean en corentena, illamento ou teñan contacto con persoas nas ditas situacións.
- Organizarase a circulación de persoas dentro do cemiterio establecendo circuitos diferenciados de entrada e saída do mesmo. Haberá unha única porta de acceso e outra distinta de saída (nas portas laterais), que se atoparán debidamente sinalizadas e provistas de dispensadores de hidroxel.
- O portón principal de entrada permanecerá pechado e o acceso quedará limitado ás funerarias, cortexos fúnebres e persoal autorizado polo encargado ou polo persoal do cemiterio, que deba realizar labores de mantemento do mesmo ou precisen do acceso de vehículos, entre outros, baixo a supervisión do persoal municipal.
- Aos efectos de evitar o contacto físico establécese un aforo máximo dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto, limitándose un máximo de catro persoas por grupo de visitas do mesmo grupo familiar/convivintes. A duración das visitas deberá ser o máis breve posible e en ningún caso deberá ser superior a 30 minutos.
- Co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal, en ningún momento poderán coincidir distintos grupos de persoas se as sepulturas ou nichos non distan entre elas a lo menos dous metros, en cuxo caso deberán esperar a que se poida cumprir a distancia de seguridade.
- Estableceranse varios puntos nos que se poderán recoller as escadas que deberán depositarse no mesmo punto logo do seu uso, para a súa desinfección polo persoal do cemiterio.

Concello de Ferrol

Plaza de Armas s/n, Ferrol. 15402 (A Coruña). Tfno. 981940000

www.ferrol.gal

FERROL



BANDO MUNICIPAL

- As persoas que acudan de visita deberán ir provistas de todo o material e útiles que consideren precisos para a limpeza e ornato do lugar obxecto da súa visita (xarras, cubos, panos, vasoira, etc).
- Haberá puntos de auga habilitados para uso exclusivo do cemiterio (non para consumo humano).
- Está permitido o uso dos aseos, respectando as normas de aforo.
- Deberán evitar tocar portas, pomos, billas, etc.
- Deberán cumprirse en todo momento as normas e recomendacións hixiénico-sanitarias ditadas, en cada caso, polo Ministerio de Sanidade (ou organismo equivalente), entre outros: uso de máscaras, distancia de seguridade e hixiene de mans.
- En todo caso deberá atenderse ás indicacións que, segundo estime oportuno, realice o persoal do cemiterio aos efectos de garantir a apertura do mesmo en condicións de seguridade e saúde.

O Alcalde